

FUENTE OVEJUNA



ACTIVIDADE:

REPRESENTACIÓN TEATRAL

COMPAÑÍA:

EINA D'ESCOLA

PARTICIPAN:

ALUMNADO DE E.S.O.

ORGANIZA:

DEP. LINGUA CASTELÁ

CPI "LUÍS DÍAZ MORENO"-BARALLA. GT "HORA DE LER. AS VIAXES"

FUENTE OBEJUNA



coñecía Lope a etimoloxía do termo Fuente Ovejuna, que vén de abella e non de ovella como pensou Lope. De aí que ós seus habitantes se lles chame mel-larienses, así, cos dous eles separados, palabra relacionada con mel.

Tamén se emprega “Fuente Ovejuna”



Chocante, non sí? Pois está ben escrito. Ese é o nome deste pobo da provincia de Córdoba que se fixo famoso por unha obra de Lope de Vega sobre un acontecemento que ocorreu nel aló polo século XV.

Lope tamén titulou así a súa obra, pero neste caso con “v”: Fuenteovejuna”. Non

FUENTE OVEJUNA



Esta é a Praza de Fuente Ovejuna onde periodicamente se representa a obra pola que se coñece ó pobo.



Félix Lope de Vega e Carpio, autor da obra Fuenteovejuna. É un dos máis importantes dramaturgos do Século de Ouro español, e un dos máis prolíficos da literatura universal.

FUENTE OVEJUNA



Fuenteovejuna é unha obra teatral en tres actos escrita por Lope de Vega, unha das máis importantes da súa prolífica carreira creativa. Representada en tres actos onde, no primeiro se presentan os feitos e as circunstancias, no segundo vanse desenvolvendo os feitos e no terceiro resólvense.

É unha obra de contido social e reivindicativo. Presenta a rebelión do pobo unido ante a inxustiza e a tiranía expostas crudamente a finais do século XVI e comezo do XVII. A obra está escrita en 1612 e pódese considerar dunha gran valentía e de carácter pedagóxico.

Os feitos desenvolvéronse no pobo cordobés de Fuente Obejuna na época dos Reis Católicos, 1474-1516.

O tema principal é o levantamento do pobo contra o abuso de poder do Comendador.

FUENTE OVEJUNA



Pascuala, Laurencia, Mengo e Frondoso conversan acerca dos desmáns do Comendador. A opinión inamovible de Laurencia de non ceder aos desexos libidinosos do Comendador é rebatida por Pascuala que di que, igual que moitas outras o fixeron, Laurencia tamén acabará cedendo.



O pobo de Fuente Ovejuna recibe con ledicia ó seu gobernante, don Hernán Pérez de Guzmán, Comendador Maior da Orden de Calatrava.

Pero esta ledicia vai durar pouco tempo. O Comendador logo empeza a dar mostras do seu despotismo contra os veciños de Fuente Ovejuna.

FUENTE OVEJUNA



Laurencia, agradecida porque Frondoso a librou daquela situación e consciente do seu amor por ela, confésalle tamén o seu amor e deciden casarse.

O Comendador, ante a negativa de Laurencia, tenta conseguir os seus favores pola forza aproveitando que a atopa soa cando el ía de caza.

Pero Frondoso, que amaba a Laurencia, agachado tras duns ramallos, desbarata os propósitos do Comendador.



FUENTE OVEJUNA



Nese momento aparece o Comendador e os seus esbirros e prenden a Frondoso e a Laurencia ante a incredulidade dos veciños.

Con Frondoso na cadea, o Comendador consuma o seu plan abusando sexualmente de Laurencia.

En Fuente Ovejuna celébrase a voda de Laurencia e Frondoso, cos conseguintes cantos, bailes e alegría.

FUENTE OVEJUNA

O terceiro acto comeza coa reunión de todo o pobo para comentar sobre os abusos do Comendador, se este é merecedor de castigo e, nese caso, como se podería aplicar. Nestas aparece Laurencia toda desfigurada que acaba de fuxir da prisión.

Reclama a berros poder tomar parte no consello de homes que alí se está a levar a cabo.

Laurencia levanta ó pobo en armas contra os abusos do Comendador.



FUENTE OVEJUNA



Deciden facelo en nome de Fuente Ovejuna e dos Reis Católicos.

Cando chegaron ó pazo do Comendador, derruban as portas e ós seus gardas e matan ó seu dirixente cravando a súa cabeza nunha pica.

Un dos seus servintes dalle a nova ó rei quen manda un xuíz para saber se houbo delito.

O pobo organízase e decide tomar a xustiza pola súa man tomando pola forza a casa da Encomenda e asasinar ó Comendador polas súas maldades.

FUENTE OVEJUNA



O xuíz, malia as torturas e enganos, non foi quen de atopar ó culpable. A única resposta que tivo foi sempre "Fuente Obejuna" Trasmitiulle ó rei o ocorrido quen, non entendendo os feitos, deixou que o mesmo pobo llo explicara. Cando o rei soubo a verdade non tivo máis remedio que absolver ó pobo de toda culpa.

TODOS A UNA

FUENTE OVEJUNA

VALORES

Na obra está patente o sentido do honor de tódalas persoas, á marxe da súa condición social, e a rebelión das mulleres contra os abusos sexuais do Comendador.

Queremos que esta sexa a nosa contribución ó día da muller traballadora



CARÁCTER PEDAGÓXICO

Esta obra, malia as distancias temporais, alecciónanos aos homes e mulleres de hoxe a loitar pola nosa dignidade persoal.

TODOS A UNA